*ROTEIROS POLA GALIZA MÁXICA.*
*UN PAÍS DE LENDAS.*

**ADEGA**
**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Monumento á forza do amor*

# *Roteiro pola Cova da Serpe*

## *Friol*

*15 quilómetros de dificultade media*

*O punto de partida será a torre de Miraz de Friol. Pasaremos polo "prado da serpe", lugar no que, segundo a lenda, viña beber o enigmático réptil. Visitaremos tamén a área recreativa de Miraz. Na subida á "Cova da serpe" visitaremos a casa das neves, un posible neveiro do pasado. Neste tramo gozaremos dunha fermosa paisaxe, alterada pola instalación dun parque eólico. O roteiro finalizará no lugar de Anafreita. Parte da ruta discorrerá polo Camiño Norte.*

## *DOMINGO, 18 de DECEMBRO de 2011*

Xeral..... 15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....12 €
Soci@s..... 10 €
Ata 17 anos..... .. 5 €

**O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.**
Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299.**

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s

**PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO**
**(máis información en www.adega.info** e no blog: roteirosadegalugo.blogaliza.org**):**

29 de Xaneiro: Cerva Branca (Cervantes)
26 Febreiro: Cabo do Mundo (Ribeira Sacra)
25 marzo: Monte Cornería (Barreiros)
22 Abril: Monte Cachelmo (Touriñán)
20 Maio: Monte Pindo (Costa da Morte)
17 Xuño: Serra do Galiñeiro (Vigo)

## AS LENDAS DA COVA DA SERPE

LENDA DA COVA DA SERPE QUE A RELACIONA COA TORRE DE SAN PAIO DE NARLA EN XIÁ (FRIOL)

Sempre que podía, unha doncela chamada Dona Berta, cabalgaba polos montes de Xiá. Seu pai, o señor de San Paio de Narla, non o vía con bos ollos, pese a que as súas continuas ausencias non lle permitían ofrecer á súa filla compaña e maior control paterno.

Un día, cabalgando Dona Berta, desbocouse a montura que cabalgaba. Un aguerrido mozo da aldea viu o que pasaba e, a risco da súa propia vida ou un accidente con lesións imprevisibles, agarrou o animal e conseguiu coa súa forza amainalo. Logo acompañou á moza Dona Berta un anaco de regreso á casa, pero en canto se decatou de quen era e onde vivía retirouse rapidamente temeroso das consecuencias que puidera ter ver un humilde labrego coa filla do señor. Cousa que non impediu que a moza quedara impresionada pola fortaleza, vigor e valentía do mozo.

Ao día seguinte saíu na busca daquel mozo, non lle foi moi difícil dar con el, e a partir daquela mesma tarde víanse todas as tardes. O trato levou axiña a un namoramento mutuo. Eles pensaban que a súa relación permanecía na discreción afastada de faladurías, ata que chegou a oídos do señor de San Paio a amizade da súa filla cun plebeo que o fixo estalar nun ataque de ira que derivou na orde de apresar ao aldeán que ousara achegarse á súa filla.

Unha tarde na que os namorados estaban reunidos, os cabaleiros do Señor foron na súa busca e perseguíronos. Cerca de alí, o aldeán sabía da existencia dunha cova e que todos trataban de evitar esa paraxe. No pobo dicían que se trataba da gorida dun dragón, ao que lle chamaban A Serpe. Non tiñan máis remedio. O mozo conduce á súa amada ata a cova e métense nela. Non tiñan armas, pero cando aparece a cabeza da enorme serpe, coas fauces abertas e disposta a matalos, cunha furia inmensa o rapaz abalanzouse sobre ela e berroulle á súa amada para que se puxese a salvo.

Os cabaleiros que os perseguían quedáronse na entrada da cova sen atreverse a ir máis alá atemorizados polos berros que chegaban a eles dende o interior. A filla do Señor saíu fuxindo da serpe, presa da loucura por perder o seu amado e a terrible escena que acababa de contemplar. Os cabaleiros lévana á Torre do seu pai, onde chora a súa traxedia e a súa soidade. Hai quen di que a moza desapareceu ao amencer, adentrándose na cova para reunirse co seu amor.

Hai tamén quen di que dende a entrada da cova hai días nos que se poden escoitar aínda os berros dos dous namorados, el tratando de defender á súa amada e ela berrando o nome del entre choros.

LENDA DA COVA DA SERPE QUE A RELACIONA COA TORRE DE MIRA

Conta a lenda, que na Serra da Cova da Serpe habitaba un gran réptil que tiña como gorida a coñecida como Pena Furada ou Cova da Serpe.

A Serpe tiña por costume baixar a beber a un prado perto da Torre de Miraz que aínda hoxe conserva o nome de Prado da Serpe, e din que era semellante ao seu tamaño, que cando estaba a beber no prado tiña a punta do rabo aínda na Cova, que vén estando a unha distancia do prado de entre 7 e 9 quilómetros.

Ata aquí todo ben, se non fose polos estragos que causaba a serpe polo camiño cara o prado e no retorno, onde pisaba colleitas e o que é peor aínda, arrasaba co gando e reses que atopaba polo traxecto. Tamén atemorizaba aos veciños que estaban a facer as súas labouras e corrían un grave risco se se atopaban coa Serpe.

Así é que un día, cansados de tanto mal, os veciños deciden tomar cartas no asunto e optan por eliminar a serpe. Para iso, deciden matar un burro e enchelo de alcatrán e logo poñelo no camiño da serpe para ver se o come e desta maneira envelenala. E conseguen matala. Así proceden e efectivamente a Serpe come o burro alcatranado, regresa á Cova e nunca máis se sabe dela, salvo esta lenda que queda na memoria dos habitantes da contorna.